

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CMINA01	Panadería, repostería e confeitaría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0024	Materias primas e procesos en panadería, pastelería e repostería	2023/2024	4	133	133

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA MERCEDES FERNÁNDEZ MÉNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación corresponde ó módulo Materias Primas e Procesos en Panadaría, Pastalaría e Repostaría, pertencente ó Ciclo Formativo de Grao Medio de Técnico en Panadaría, Repostaría e Confeitaría da Familia Profesional de Industrias Alimentarias. Ten como referente o Decreto 224/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo, así como todas as disposicións legais vixentes en materia educativa.

O currículo do ciclo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Estas persoas exercerán a súa actividade nomeadamente en obradoiros artesanais ou semiindustriais que elaboren produtos de panadaría, pastalaría e confeitaría, así como no sector de hostalaría, no subsector de restauración, e tamén como elaboradores por conta propia ou por conta allea. Tamén poderán exercer a súa actividade no sector do comercio da alimentación en establecementos que elaboren e vendan produtos de panadaría, pastalaría e repostaría.

As ensinanzas do módulo centraranse no coñecemento da materia prima e os procesos aplicados na elaboración dos produtos, tanto na empresa tahona, artesanal ou familiar así como nas técnicas de control aplicadas a nivel de produción industrial.

Por último, a demanda da poboación en relación a elaboracións dietéticas ou para persoas con necesidades específicas tanto a nivel económico como a determinadas intolerancias, así como o aumento de poboación procedente de diversas culturas, tamén son tidas en conta de xeito que o alumnado deberá coñecer todos os produtos, estacionalidade, cualidades organolépticas, modo de emprego e conservación en cada materia prima de uso en panadaría, repostaría e confeitaría.

En todo o proceso de desenvolvemento do módulo darase especial importancia ó cumprimento da normativa hixénico-sanitaria vixente, así como o cumprimento do appcc.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Características das materias primas e auxiliares	Caracterización das materias primas utilizadas en panadería e pastelería dende o punto de vista físico, químico, organoléptico e nutricional	35	25
2	Caracterización dos produtos de panadería, pastelería e repostería	Caracterización dos produtos acabados, dende o punto de vista físico, químico, organoléptico e nutricional	35	20
3	Procesos de elaboración de produtos de panadería, pastelería e repostería	Procesos necesarios para a elaboración dos produtos de panadería e pastelería	35	25
4	Caracterización dos equipamentos e das instalacións de elaboración	Características principais do obradoiro	14	15
5	Caracterización dos procesos de conservación	Métodos de conservación dos produtos de obradoiro	14	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Características das materias primas e auxiliares	35

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza materias primas e auxiliares, e xustifica o seu emprego en función do produto que se queira obter.	SI
RA5 - Caracteriza os procesos de conservación e xustifica a súa necesidade ou existencia.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Clasifícanse e caracterízanse os tipos e as presentacións comerciais.
CA1.2 Descríbense as características organolépticas e as propiedades físicas e químicas básicas.
CA1.3 Identifícanse e diferéncianse as funcións que estas exercen nos produtos.
CA1.4 Enuméranse os parámetros de calidade e relaciónanse coa súa aptitude de uso.
CA1.5 Descríbense as condicións de almacenaxe e conservación.
CA1.6 Enuméranse as deterioracións e as alteracións, e valorouse a súa repercusión.
CA1.7 Caracterízanse as funcións, a dosificación e os efectos dos aditivos.
CA1.8 Avaliouse a idoneidade das materias primas e auxiliares mediante a toma de mostras e controis básicos.
CA1.9 Defínense os controis básicos de materias primas e auxiliares, e de produtos.
CA1.10 Aplícanse tests sensoriais ou catas para valorar as características organolépticas.
CA5.2 Descríbense os métodos de conservación.
CA5.3 Identifícanse as consecuencias dunha mala conservación.
CA5.4 Relacionouse cada produto coas súas necesidades específicas de conservación.
CA5.5 Identifícanse os parámetros que inflúen na conservación (actividade de auga, temperatura, humidade, etc.).
CA5.6 Xustificouse a caducidade dos produtos.

4.1.e) Contidos

Contidos
Descrición das principais materias primas e auxiliares: función tecnolóxica, tipos, presentación comercial, propiedades físicas, químicas e organolépticas, conservación e deterioracións.
Interpretación da normativa da calidade das materias primas e auxiliares.

Contidos

Selección de materias primas e auxiliares en función do produto que se queira obter.

Procedementos de toma e identificación das mostras.

Determinacións organolépticas, físicas e químicas básicas de materias primas e auxiliares, e de produtos.

Probas e tests sensoriais.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Caracterización dos produtos de panadería, pastelería e repostería	35

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece os produtos de panadería, bolaría, pastelería, confeitaría e repostería, e xustifica as súas características específicas.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os principais produtos de panadería e pastelería.
CA2.2 Descríbense as súas principais características físicas e químicas.
CA2.3 Recoñécense as súas características organolépticas.
CA2.4 Relacionouse a súa composición con determinadas alerxias ou trastornos alimentarios.
CA2.5 Recoñeceuse a regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación e a elaboración dos produtos.
CA2.6 Recoñécense as principais innovacións na elaboración de produtos de panadería e pastelería.

4.2.e) Contidos

Contidos
Produtos de panadería e bolaría: características, tipos, e propiedades físicas, químicas e organolépticas. Normativa e conservación.
Produtos de pastelería e repostería: características, tipos, e propiedades físicas, químicas e organolépticas. Normativa e conservación.
Produtos de galletaría: características, tipos, e propiedades físicas, químicas e organolépticas. Normativa e conservación.
Produtos de confeitaría e outras especialidades: características, tipos, e propiedades físicas, químicas e organolépticas. Normativa e conservación.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Procesos de elaboración de produtos de panadería, pastelería e repostería	35

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza os procesos de elaboración en relación cos produtos que se vaian obter.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense os principais procesos de elaboración en panadería, bolaría, pastelería, confeitaría e repostería.
CA3.2 Determinouse unha secuencia das operacións e xustificouse a orde establecida.
CA3.3 Identifícanse as variables de control dos procesos de elaboración.
CA3.4 Descríbense as modificacións físicas, químicas e biolóxicas das masas e dos produtos.
CA3.5 Enumeráronse as anomalías máis frecuentes e as súas medidas correctoras.
CA3.6 Avaliouse a relevancia dos lévedos no procesado das masas.
CA3.7 Valorouse a orde e a limpeza como elementos imprescindibles no proceso de elaboración.
CA3.8 Valoráronse os procesos artesanais fronte aos industriais.

4.3.e) Contidos

Contidos
Procesos de elaboración de produtos de panadería e bolaría: tipos, características, e procesos artesanais e industriais.
Procesos de elaboración de produtos de pastelería e repostería: tipos, características, e procesos artesanais e industriais.
Procesos de elaboración de produtos de galletaría: tipos, características, e procesos artesanais e industriais.
Procesos de elaboración de produtos de confeitaría e outras especialidades: tipos, características, e procesos artesanais e industriais.
Manexo das TIC na formalización de rexistros, partes e incidencias.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Caracterización dos equipamentos e das instalacións de elaboración	14

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Caracteriza os equipamentos e as instalacións de elaboración de produtos de panadería, pastelería, repostería e confeitaría en relación coas súas aplicacións.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Clasifícaronse os tipos de equipamentos e de maquinaria.
CA4.2 Determináronse as características técnicas dos equipamentos.
CA4.3 Descríbíronse os principios de funcionamento dos equipamentos.
CA4.4 Recoñecéronse as aplicacións dos equipamentos e da maquinaria.
CA4.5 Identifícaronse as medidas de seguridade dos equipamentos.
CA4.6 Xustificouse a disposición dos equipamentos no obradoiro.
CA4.7 Recoñecéronse os accesorios asociados a cada equipamento en función das elaboracións.
CA4.8 Recoñecéronse as características propias dun obradoiro.
CA4.9 Valoráronse as novas tecnoloxías nos procesos de elaboración.

4.4.e) Contidos

Contidos
O obradoiro: características e localización dos equipamentos.
Tipos e funcionamento de máquinas e instalacións.
Dispositivos de seguridade de equipamentos e instalacións.
Novas tecnoloxías nos procesos de elaboración.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Caracterización dos procesos de conservación	14

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza materias primas e auxiliares, e xustifica o seu emprego en función do produto que se queira obter.	NO
RA5 - Caracteriza os procesos de conservación e xustifica a súa necesidade ou exigencia.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Descríbense as condicións de almacenaxe e conservación.
CA5.1 Enumeráronse os parámetros que inflúen na conservación dos alimentos.
CA5.2 Descríbense os métodos de conservación.
CA5.3 Identifícanse as consecuencias dunha mala conservación.
CA5.4 Relacionouse cada produto coas súas necesidades específicas de conservación.
CA5.5 Identifícanse os parámetros que inflúen na conservación (actividade de auga, temperatura, humidade, etc.).
CA5.6 Xustificouse a caducidade dos produtos.
CA5.7 Valorouse o gasto enerxético asociado á conservación de produtos.

4.5.e) Contidos

Contidos
Conservación dos alimentos. Parámetros de control (temperatura, actividade de auga, pH, etc.).
Métodos de conservación dos alimentos.
Caducidade dos produtos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva do módulo serán os que se indican en cada UD como Criterio de Avaliación mínimo exigible, que son:

- CA1.2: Descríbóronse as características organolépticas e as propiedades físicas e químicas básicas.
- CA1.3: Identifícanse e diferéncianse as funcións que estas exercen nos produtos.
- CA1.5: Descríbóronse as condicións de almacenaxe e conservación.
- CA1.6: Enumeráronse as deterioracións e as alteracións, e valorouse a súa repercusión.
- CA1.7: Caracterizáronse as funcións, a dosificación e os efectos dos aditivos.
- CA1.9: Defíníronse os controis básicos de materias primas e auxiliares, e de produtos.
- CA2.1: Identifícanse os principais produtos de panadería e pastelería.
- CA2.2: Descríbóronse as súas principais características físicas e químicas.
- CA2.4: Relacionouse a súa composición con determinadas alerxias ou trastornos alimentarios.
- CA2.6: Recoñécóronse as principais innovacións na elaboración de produtos de panadería e pastelería.
- CA3.1: Descríbóronse os principais procesos de elaboración en panadería, bolaría, pastelería, confeitaría e repostaría.
- CA3.2: Determinouse unha secuencia das operacións e xustificouse a orde establecida.
- CA3.4: Descríbóronse as modificacións físicas, químicas e biolóxicas das masas e dos produtos.
- CA3.6: Avaliouse a relevancia dos lévedos no procesado das masas.
- CA4.1: Clasifícanse os tipos de equipamentos e de maquinaria.
- CA4.4: Recoñécóronse as aplicacións dos equipamentos e da maquinaria.
- CA4.5: Identifícanse as medidas de seguridade dos equipamentos.
- CA4.7: Recoñécóronse os accesorios asociados a cada equipamento en función das elaboracións.
- CA4.8: Recoñécóronse as características propias dun obradoiro.
- CA4.9: Valoráronse as novas tecnoloxías nos procesos de elaboración.
- CA5.1: Enumeráronse os parámetros que inflúen na conservación dos alimentos.
- CA5.2: Descríbóronse os métodos de conservación.
- CA5.3: Identifícanse as consecuencias dunha mala conservación.
- CA5.5: Identifícanse os parámetros que inflúen na conservación (actividade de auga, temperatura, humidade, etc.).
- CA5.6: Xustificouse a caducidade dos produtos.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN serán os seguintes:

- Probas escritas, que poderán incluír, tests, preguntas de desenvolvemento, supostos prácticos e resolución de exercicios(2 por trimestre), e a media suporá o 70% da nota final.
- Traballos monográficos (1 por trimestre),que suporán o 15% da nota final
- Caderno das prácticas realizadas que suporá o 15% da nota final

PROCEDEMENTOS XERAIS

Nas probas escritas ao lado do enunciado da pregunta farase constar ao valor numérico da mesma.

As probas escritas deberán ser corrixisos no prazo máximo de 2 semanas.

As probas cualificaranse sempre sobre valores numéricos totais de 10 (ou os seus múltiplos)

O redondeo da nota quedaría como segue: se a cifra decimal é igual ou superior a 5 redondéase á nota inmediatamente superior. (exemplo: si a nota é 5.6, a nota redondeada será 6)

Nas probas tipo test de resposta única, atendendo ao principio de variable aleatoria, poderase aplicar a regra de compensación de xeito que si hai 4 posibles respostas, cada erro debe restar 0,33.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cando a nota da avaliación sexa un suspenso, farase unha recuperación da parte ou partes non superadas, sendo un 5 a nota máxima que se pode alcanzar. Este apartado únicamente se aplicará a alumnado sen perda do dereito á avaliación continua. Os instrumentos de avaliación a empregar serán probas escritas, realización de traballos e/ou actividades prácticas, segundo as Competencias Terminais Elementais a acadar.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para aqueles alumnos que por inasistencia inustificada á clase ou sanción, perderán o dereito á avaliación continua, ou aos que non sexa posible aplicar o sistema de avaliación continua, procederase á aplicarles un plan extraordinario de avaliación, que consistirá na realización dunha proba inspirada no 100% das capacidades terminais do módulo e polo tanto dos criterios de avaliación establecidos a partires delas e enumerados no apartado 5 desta programación.. Dado que nondisposemos doutras evidencias, o único aspecto a ter en conta para a cualificación será precisamente a proba escrita e/ou práctica, que se cualificará atendendo ao seguinte criterio xeral:

Exáme teórico con 50 preguntas tipo test, valoradoas en total con 5 puntos. (por cada 3 fallos se descontará unha resposta correcta) e 10 preguntas cortas (cada unha valorada con 0,5 puntos)

Exáme práctico sobre a caracterización e elaboración dun produto de panadaría ou pastelería. Se valorará sobre 10 puntos.

A nota final será a media das dúas probas, teórica e práctica.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

O grao de cumprimento da temporalización

O logro dos obxectivos programados

Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará

valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó ser uns contidos que se repiten durante o curso, debe terse en conta o momento no que se realiza a elaboración, os contidos conceptuais e actitudinais de partida, as habilidades e destrezas que posúen, así coma a dificultade da elaboración.

Realización de tests ou preguntas de contestación curta para constata-los coñecementos previos dos alumnos, e poder avaliar posteriormente a súa progresión

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos que presenten carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza-aprendizaxe facilitaranse conceptos de apoio e soporte. Asemade reforzarase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.

Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables.

Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas.

A diversidade do alumnado que conleva o sistema educativo obriga a realizar adaptacións máis ou menos significativas en cada un deles, de cara a conseguir o mellor desenvolvemento posible das capacidades, expresadas nos obxectivos xerais..Así pois, surge a necesidade de realizar adaptacións do currículo.

A atención o alumnado con NEE rexirase polos principios de normalización e integración escolar, e dicir, co resto dos alumnos, no mesmo centro e se expresará no:

D.C.B. - A Administración educativa concreta o currículo para toda a poboación escolar.

P.C.C. - O centro acomoda o currículo dacordo coas características dos seus alumnos, do seu contexto socio-cultural e do propio centro.

Programacións de aula - Os Equipos Docentes ou Departamentos adecuan o currículo dacordo as características dos alumnos do ciclo e /ou aula.

A.C.I. - Os titores, profesores e profesores de apoio, asesorados por especialistas, acomodan o currículo tendo en conta as características individuais.

Ante a posible existencia de alumnos cun grao insuficiente de desenvolvemento das competencias curriculares básicas ,sobre todo nos ámbitos da comprensión, da expresión e da reflexión , coa conseguinte dificultade na asimilación de contidos, é necesario prever nas unidades didácticas actuacións concretas para cando se detecten ditas situacións.

Teráse que reforza-los aprendizaxes deses alumnos con actividades específicas planificadas dacordo coas súas necesidades.

As posibles adaptacións no só deberán responder a criterios de eficiencia na consecución das capacidades terminais, senon que tamén serán elementos de valor: Ritmos de aprendizaxe, as motivacións do alumnado, seus intereses e expectativas, seu grao de integración, etc.,

Todo de cara a realiza-las oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración do alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das capacidades.

Desta maneira, favorecerase a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realizan, para mellorar seu rendemento, nun intento de potencia-la avaliación formativa, axustando a axuda pedagóxica as súas necesidades reais de aprendizaxe.

Para levar a cabo calquer tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración do titor e do orientador) deberánse revisar algúns elementos básicos da programación:

As capacidades terminais e os contidos

Desenvolvemento dos máis importantes en cada caso.

Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e /ou complementarios.

Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos.

Variacións na secuencia de contidos (temporalización).

A metodoloxía

Técnicas de traballo cooperativo.

Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.

Actividades de reforzo, poden ser alternativas.

Reforzo positivo, valora-las capacidades do alumno /a, mellorar sua autoestima.

Medidas extraordinarias: A.C.I.

A avaliación

Modificacións tanto en criterios, en instrumentos como en procedementos avaliativos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades.

Tamén será posta en valor a nosa tradición culinaria, especialmente en canto ao coñecemento das materias primas empregadas en repostería así como os produtos típicos doces propios da nosa comunidade autónoma.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar:

Complementarias:

- Visitas a establecementos relacionados co sector, onde poidan observar lo uso e conservación das materias primas, así como os procesos empregados
- Visitas a ferias-exposición de produtos relacionados co noso sector, onde verán as innovacións no noso campo
- Visitas a museos do pan, do chocolate, etc
- Realización dos típicos bicos na segunda semana de Marzo

Extraescolares:

- Charlas sobre normas de seguridade e hixiene na industria alimentaria e o xeito de aplicalas no noso obrador
- Charlas sobre B.P.M.
- Semana da alimentación saudábel no instituto

10. Outros apartados**10.1) Información**

A profesora do módulo informará ao alumnado matriculado durante a primeira semana do curso escolar dos seguintes aspectos xerais da programación didáctica:

1. Distribución das Unidades didácticas e temporalización aproximada.
2. Criterios xerais de cualificación e normas básicas.
3. Proceso de recuperación, de selo caso.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CMINA01	Panadaría, repostaría e confeitaría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0025	Elaboracións de panadaría e bolaría	2023/2024	11	347	347
MP0025_13	Posta a punto de equipamentos e instalacións	2023/2024	11	30	30
MP0025_23	Procedementos de elaboración de masas fermentables e obtención de pezas	2023/2024	11	190	190
MP0025_33	Procedementos de elaboración de recheos, e a súa aplicación e produtos finais	2023/2024	11	127	127

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA VICTORIA ARRIBI BARCIA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación realízase para o módulo de "Elaboracións de panadería e bolaría" pertencente ao primeiro curso de "Técnico en panadería, repostería e confeitaría". Para a realización da mesma resulta necesario tomar como referencia o currículo que se establece a partir do DECRETO 38/2010, do 18 de marzo, polo que se modifican os decretos 216/2008, 218/2008, 222/2008 e 224/2008.

A competencia xeral deste título consiste en elaborar e presentar produtos de panadería, repostería e confeitaría, conducindo as operacións de produción, composición e decoración, en obradoiros e establecementos de restauración, con aplicación da lexislación de hixiene e seguridade alimentaria, de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.

Ademais o módulo de E.P.B. está asociado as unidades de competencia "UC0034_2: Realizar e/ou dirixir as operacións de elaboracións de masas de panadería e bolaría"; "UC0035_2: Confeccionar e/ou conducir as elaboracións complementarias, a composición, a decoración e o envasado dos produtos de panadería e bolaría"; "UC0036_2: Aplicar a normativa de seguridade, hixiene e protección do medio na industria panadeira", da cualificación "INA015_2" do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

A formación do módulo relaciónase cos obxectivos xerais c), d), f), h), i), j), m), o), p) e q) do ciclo formativo, e coas competencias c) d), f), j), l), m), n), o), q), r), s), t), v) e x).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Preparación de masas fermentables, a súa fermentación, aplicación de tratamentos térmicos e composición con recheos, cremas e cubertas.
- Realización de cálculos numéricos para obter as cantidades necesarias de cada ingrediente.
- Interpretación de fichas de fabricación, rexistros de control e documentación técnica asociada.
- Control do produto durante o proceso para garantir a calidade.
- Uso eficiente dos recursos para garantir a protección ambiental.
- Cumprimento das normas establecidas nos plans de prevención de riscos laborais e das normas de seguridade e hixiene.

Os postos de traballo que ocupan os alumnos unha vez superado o ciclo, en relación co módulo de E.P.B. son, por conta propia ou por conta allea: panadeiro/a, elaborador/a de bolaría, elaborador/a de masas e bases de pizza, podendo desenrolar a súa actividade no sector do comercio da alimentación en establecementos que elaboran e venden produtos de panadería, pastelería e repostería.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Equipos e instalación de panadería-bolaría	Identificarase toda a maquinaria, útiles e ferramentas necesarios para a elaboración de produtos de panadería e bolaría e coñecerase a súa utilidade e manexo.	30	10
2	Procedementos de obtención de masas fermentables de panadería	Nesta UD elaboraranse as distintas masas fermentables para a obtención de produtos de panadería utilizando a documentación necesaria para o control correcto do proceso.	45	14
3	Formado e tratamento térmico das pezas de panadería	Nesta UD os alumnos aplicarán ás masas fermentables de panadería todos os procesos necesarios para lograr as pezas que se desexan obter.	50	14
4	Procedementos de obtención de masas fermentables de bolaría	Nesta UD elaboraranse as distintas masas fermentables para a obtención de produtos de bolaría utilizando a documentación necesaria para o control correcto do proceso.	45	16
5	Formado e tratamento térmico das pezas de bolaría	Nesta UD os alumnos aplicarán ás masas fermentables de bolaría todos os procesos necesarios para lograr as pezas que se desexan obter.	50	16
6	Técnicas e elaboración de recheos de panadería	Nesta unidade os alumnos elaborarán recheos, aplicando as fases de elaboración e conservación correctas para a súa aplicación nos produtos finais de panadería.	50	12
7	Técnicas e elaboración de recheos de bolaría	Nesta unidade os alumnos elaborarán recheos, aplicando as fases de elaboración e conservación correctas para a súa aplicación nos produtos finais de bolaría.	50	12
8	Técnicas e elaboración de cubertas de produtos de panadería e bolaría	Nesta unidade os alumnos elaborarán cubertas, aplicando as fases de elaboración e conservación correctas para a súa aplicación nos produtos finais de panadería e bolaría.	27	6

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Equipos e instalación de panadería-bolaría	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Pon a punto os equipamentos e as instalacións, e recoñece os dispositivos e o seu funcionamento.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o funcionamento, a constitución e os dispositivos de seguridade da maquinaria e dos equipamentos.
CA1.2 Realizáronse as operacións de limpeza, empregando os produtos necesarios.
CA1.3 Executáronse as operacións de mantemento de primeiro nivel.
CA1.4 Identifícase a secuencia de operacións de arranque e parada das máquinas e dos equipamentos.
CA1.5 Adecuáronse os servizos auxiliares aos requisitos do proceso.
CA1.6 Reguláronse e/ou programáronse os equipamentos de elaboración en función dos requisitos do proceso.
CA1.7 Descríbense as principais anomalías dos equipamentos e as medidas correctoras.
CA1.8 Descríbiuse o procedemento de eliminación de residuos empregados no mantemento e na limpeza dos equipamentos e das instalacións.
CA1.9 Identifícase a terminoloxía técnica asociada á actividade e recoñeceuse o glosario específico relativo á actividade

4.1.e) Contidos

Contidos
Manexo da terminoloxía técnica asociada á actividade
Procedementos de posta en marcha, regulación e parada dos equipamentos: fundamentos e características.
Mantemento de primeiro nivel de equipamentos e instalacións.
Incidencias tipo na manipulación dos equipamentos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Procedementos de obtención de masas fermentables de panadería	45

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén masas fermentables de produtos de panadería e bolaría, e xustifica a súa composición.	NO
RA3 - Controla o proceso de fermentación e describe os seus fundamentos e as técnicas asociadas.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñeceuse a documentación asociada ao proceso.
CA1.2 Descríbense e caracterízanse fórmulas de masas de panadería e bolaría.
CA1.3 Relacionáronse os tipos de masas cos produtos que se desexa obter.
CA1.4 Calculouse a cantidade necesaria de cada ingrediente da masa.
CA1.6 Controlouse o proceso de amasado para obter a masa.
CA1.8 Aplicáronse medidas de hixiene e seguridade alimentaria para asegurar a salubridade dos produtos obtidos.
CA1.10 Aplicáronse as medidas correctoras axeitadas ante desviacións.
CA3.1 Descríbiuse o fundamento microbiolóxico do proceso de fermentación.
CA3.4 Analizouse a adaptación da formulación da masa en caso de aplicación de frío industrial.

4.2.e) Contidos

Contidos
Cálculo de ingredientes segundo a proporción establecida na receita base.
Acondicionamento do lévedo do pan, en función do sistema de panificación que se empregue.
Preparación da masa nai.
Operacións de elaboración de masas fermentables de pan: masas brandas, intermedias e duras refinadas.
Análise das anomalías e os defectos das masas fermentables, e descrición das medidas correctoras.
Proceso de fermentación na elaboración de masas frescas, masas retardadas en frío e masas precocidas.
Adaptación das fórmulas de masas fermentables con aplicación de frío industrial.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Formado e tratamento térmico das pezas de panadería	50

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Forma pezas e relaciona as operacións co produto que se queira obter.	NO
RA3 - Controla o proceso de fermentación e describe os seus fundamentos e as técnicas asociadas.	NO
RA4 - Coce ou frite as pezas, e selecciona o tratamento térmico en función das características do produto final.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplicóuselles repouso ás masas nas condicións de temperatura e humidade requiridas.
CA2.2 Dividíronse manualmente ou mecanicamente as masas de xeito que se asegure o tamaño das pezas.
CA2.3 Amasáronse ou boleáronse as porcións de masa obtidas e aplicouse o repouso.
CA2.5 Detectáronse e corríronse desviacións nas pezas.
CA2.7 Adoptáronse medidas de hixiene, de seguridade alimentaria e de prevención de riscos laborais durante a manipulación da masa.
CA3.2 Describiuse a influencia da temperatura e da humidade no proceso de fermentación.
CA3.7 Adoptáronse medidas de hixiene, seguridade alimentaria e prevención de riscos laborais.
CA4.3 Seleccionouse o forno ou a frixideira, e os seus parámetros de control, en función do tipo de produto.
CA4.4 Cargouse ou alimentouse o forno ou a frixideira, e controlouse a cocción ou a fritura.
CA4.6 Asegurouse o arrefriamento do produto obtido no menor tempo posible.
CA4.8 Aplicáronse as medidas específicas de hixiene e seguridade durante os tratamentos.

4.3.e) Contidos

Contidos
Operacións de formado de pezas de pans: división, boleado, repouso e formado.
Operacións de elaboración de pezas de panadería e pastelería salgada empregando masas de panadería e bolaría, e recheos axeitados, en función do produto que se elabore.
Localización e control das pezas formadas.
Marcaxe dos sucos, en función dos tipos de pans ou das pezas de bolaría que se elaboren.
Análise das anomalías e os defectos máis frecuentes, e descrición das medidas correctoras.
Normas de seguridade.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Procedementos de obtención de masas fermentables de bolaría	45

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén masas fermentables de produtos de panadaría e bolaría, e xustifica a súa composición.	NO
RA3 - Controla o proceso de fermentación e describe os seus fundamentos e as técnicas asociadas.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñeceuse a documentación asociada ao proceso.
CA1.2 Descríbense e caracterízanse fórmulas de masas de panadaría e bolaría.
CA1.3 Relacionáronse os tipos de masas cos produtos que se desexa obter.
CA1.5 Pesáronse e dosificáronse os ingredientes.
CA1.7 Relacionáronse os parámetros do amasado coa calidade e as características físicas das masas.
CA1.9 Contrastáronse as características da masa coas especificacións requiridas.
CA3.3 Seleccionáronse as cámaras de fermentación e os parámetros de control (temperaturas, humidade e tempos).
CA3.4 Analizouse a adaptación da formulación da masa en caso de aplicación de frío industrial.

4.4.e) Contidos

Contidos
Acondicionamento do lévedo nas masas de bolaría en función do sistema empregado: sistema directo, esponxa ou mixto.
Operacións de elaboración de masas fermentables de bolaría simple e composta.
Descrición das características organolépticas, físicas e químicas das masas fermentables, así como o seu control.
Análise das anomalías e os defectos das masas fermentables, e descrición das medidas correctoras.
Aplicación de normas de seguridade e hixiene.
Proceso de fermentación na elaboración de masas frescas, masas retardadas en frío e masas precocidas.
Adaptación das fórmulas de masas fermentables con aplicación de frío industrial.
Aplicación de normas de seguridade e hixiene.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Formado e tratamento térmico das pezas de bolaría	50

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Forma pezas e relaciona as operacións co produto que se queira obter.	NO
RA3 - Controla o proceso de fermentación e describe os seus fundamentos e as técnicas asociadas.	NO
RA4 - Coce ou frite as pezas, e selecciona o tratamento térmico en función das características do produto final.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplicóuselles repouso ás masas nas condicións de temperatura e humidade requiridas.
CA2.2 Dividíronse manualmente ou mecanicamente as masas de xeito que se asegure o tamaño das pezas.
CA2.4 Déuselles forma ás pezas en función do produto para elaborar.
CA2.6 Colocáronse as unidades segundo o seu tamaño e a súa forma para a súa fermentación.
CA3.5 Contrastáronse as características das pezas obtidas coas súas especificacións.
CA3.6 Aplicáronse medidas correctoras ante desviacións e adoptáronse medidas para evitar novos sucesos.
CA4.1 Identificáronse os equipamentos de tratamento térmico (fornos e frixideiras).
CA4.2 Analizáronse os parámetros de control do proceso de forneado ou fritura, e a súa influencia sobre o produto final.
CA4.5 Contrastáronse coas súas especificacións as características do produto cocido ou frito.
CA4.7 Identificáronse e aplicáronse as medidas correctoras ante desviacións.

4.5.e) Contidos

Contidos
Operacións de formado de pezas de bolaría, atendendo á tipoloxía da masa.
Descrición das anomalías e os defectos do formado de pezas, e aplicación de medidas correctoras.
Marcaxe dos sucros, en función dos tipos de pans ou das pezas de bolaría que se elaboren.
Tratamentos térmicos de aplicación e a súa influencia sobre o produto final.
Descrición das características organolépticas, físicas e químicas dos produtos cocidos e fritos, así como os controis básicos.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Técnicas e elaboración de recheos de panadería	50

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora recheos e cubertas, con caracterización e aplicación das técnicas de elaboración.	NO
RA2 - Compón produtos finais e xustifica a súa presentación.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os tipos de cremas, recheos e cubertas.
CA1.2 Enumeráronse os ingredientes necesarios para cada tipo de crema, baño ou recheo.
CA1.3 Explicouse o proceso de elaboración de cremas, recheos e cubertas.
CA1.4 Seleccionáronse e pesáronse os ingredientes en función do produto que se procure.
CA1.7 Contrastáronse coas súas especificacións as características da crema, o recheo e a cuberta.
CA1.8 Aplicáronselles os tratamentos de conservación ás cremas, aos recheos e ás cubertas.
CA2.2 Preparáronse as cremas, os recheos e as cubertas.
CA2.3 Aplicouse a crema, o recheo e a cuberta na proporción acaída.
CA2.4 Asegurouse que a composición final de produto cumpra as especificacións.
CA2.7 Aplicáronse medidas de seguridade e hixiene na manipulación dos produtos.

4.6.e) Contidos

Contidos
Selección de cremas, recheos e cubertas con base no tipo de produto que se procure. Elaboración e conservación de recheos salgados (cremas base, bechamel, rustridos para empanada, farsas diversas para recheos de elaboracións salgadas con masas de panadería e bolaría, etc.). Análise das anomalías e os defectos máis frecuentes, e descrición das medidas correctoras. Selección dos equipamentos e dos útiles. Aplicación de medidas de hixiene e seguridade acaídas durante o proceso.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Técnicas e elaboración de recheos de bolaría	50

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora recheos e cubertas, con caracterización e aplicación das técnicas de elaboración.	NO
RA2 - Compón produtos finais e xustifica a súa presentación.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os tipos de cremas, recheos e cubertas.
CA1.2 Enumeráronse os ingredientes necesarios para cada tipo de crema, baño ou recheo.
CA1.3 Explicouse o proceso de elaboración de cremas, recheos e cubertas.
CA1.5 Aplicouse a secuencia de operacións de elaboración.
CA1.7 Contrastáronse coas súas especificacións as características da crema, o recheo e a cuberta.
CA1.8 Aplicáronselles os tratamentos de conservación ás cremas, aos recheos e ás cubertas.
CA1.9 Aplicáronse as normas de seguridade e hixiene alimentaria.
CA2.1 Descríbense os procedementos, as técnicas e os equipamentos para a composición de produtos.
CA2.2 Preparáronse as cremas, os recheos e as cubertas.
CA2.3 Aplicouse a crema, o recheo e a cuberta na proporción acaída.
CA2.6 Identificáronse e aplicáronse as medidas correctoras ante desviacións.

4.7.e) Contidos

Contidos
Selección de cremas, recheos e cubertas con base no tipo de produto que se procure.
Elaboración e conservación de cremas con ovo, batidas e lixeiras.
Análise das anomalías e os defectos máis frecuentes, e descrición das medidas correctoras.
Procedementos e técnicas de recheo.
Análise das anomalías e os defectos máis frecuentes, e descrición das medidas correctoras.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Técnicas e elaboración de cubertas de produtos de panadería e bolaría	27

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora recheos e cubertas, con caracterización e aplicación das técnicas de elaboración.	NO
RA2 - Compón produtos finais e xustifica a súa presentación.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os tipos de cremas, recheos e cubertas.
CA1.2 Enumeráronse os ingredientes necesarios para cada tipo de crema, baño ou recheo.
CA1.3 Explicouse o proceso de elaboración de cremas, recheos e cubertas.
CA1.6 Identificouse o punto óptimo de montaxe ou consistencia de cada elaboración.
CA1.7 Contrastáronse coas súas especificacións as características da crema, o recheo e a cuberta.
CA1.8 Aplicáronselles os tratamentos de conservación ás cremas, aos recheos e ás cubertas.
CA2.2 Preparáronse as cremas, os recheos e as cubertas.
CA2.3 Aplicouse a crema, o recheo e a cuberta na proporción acaída.
CA2.5 Fixáronse as condicións de conservación do produto para garantir a seguridade alimentaria.

4.8.e) Contidos

Contidos
Selección de cremas, recheos e cubertas con base no tipo de produto que se procure.
Elaboración e conservación de cubertas (glaseados, pasta de amêndoa, chocolate e brillos).
Análise das anomalías e os defectos máis frecuentes, e descrición das medidas correctoras.
Decoración e presentación de pans especiais, pezas de bolaría e produtos de panadería e pastelería salgada, aplicando as técnicas axeitadas.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

En cada unidade didáctica deberá superar cada un dos instrumentos de avaliación que conteñan criterios de avaliación fixados como mínimos exigibles, sendo a máxima nota a suma de todas as porcentaxes, e facendo a media das mesmas nas uds avaliadas.

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumno, polo que ten un carácter continuo.

Na avaliación das aprendizaxe terase en conta, ademais dos resultados das probas escritas, a realización das tarefas propostas, o progreso do alumnado na súa aprendizaxe, así como, a realización das tarefas, tanto con táboas de observación coma con listas de cotexo.

Realizaranse tres avaliacións parciais nas datas que fixe o centro. Para obter unha cualificación positiva resulta necesario superar os CAs fixados como mínimos esixibles e obter unha cualificación de 5 puntos.

A nota da 3ª avaliación e a da final deberán coincidir.

UD1.- EQUIPOS E INSTALACIÓNS DE PANADARÍA-BOLARÍA (Proba Escrita 50% , Lista de cotexo 10%).

CA1.1 - Identifícase o funcionamento, a constitución e os dispositivos de seguridade da maquinaria e dos equipamentos.

CA1.2 - Realizáronse as operacións de limpeza, empregando os produtos necesarios.

CA1.4 - Identifícase a secuencia de operacións de arranque e parada das máquinas e dos equipamentos.

CA1.9 - Identifícase a terminoloxía técnica asociada á actividade e recoñeceuse o glosario específico relativo á actividade.

UD2.- PROCEDEMENTOS DE OBTENCIÓN DE MASAS FERMENTABLES DE PANADARÍA (Proba Escrita 50%, Lista de cotexo 10%).

CA1.1 - Recoñeceuse a documentación asociada ao proceso

CA1.2 - Descríbense e caracterízanse fórmulas de masas.

CA1.4 - Calculouse a cantidade necesaria de cada ingrediente da masa.

CA1.6 - Controlouse o proceso de amasado para obter a masa.

CA 5.7 Identificáronse as decoracións para aplicar en xeados e sorbetes de diferentes tipos.	10,00 %
CA 5.8 Executáronse todas as actividades aplicando o sistema de APPCC e participando na mellora da calidade.	10,00 %
CA 5.9 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.	10,00 %
RA 6. Elabora semifríos e reconece os procedementos aplicados.	16,00 %
CA 6.1 Caracterizáronse os tipos de semifríos.	20,00 %
CA 6.2 Distinguíronse as fases e os puntos clave nos procesos de elaboración.	20,00 %
CA 6.3 Realizáronse os procesos de elaboración de semifríos seguindo os procedementos establecidos.	20,00 %
CA 6.4 Deducíronse as necesidades de conservación ata o momento da súa utilización ou rexeneración.	10,00 %
CA 6.5 Valoráronse os resultados finais e identificáronse as medidas de corrección.	10,00 %
CA 6.6 Executáronse todas as actividades aplicando o sistema de APPCC e participando na mellora da calidade.	10,00 %
CA 6.7 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.	10,00 %
RA 7. Presenta sobremesas empratadas a partir de elaboracións de pastelería e repostería, e xustifica a estética do produto final, tendo en conta o tipo de establecemento e a oferta gastronómica.	16,00 %
CA 7.1 Identificouse o proceso de utilización ou rexeneración de produtos.	20,00 %
CA 7.2 Verificouse a dispoñibilidade dos elementos necesarios para o desenvolvemento dos procesos.	20,00 %
CA 7.3 Realizáronse as técnicas de presentación e decoración en función das características do produto final e as súas aplicacións.	10,00 %
CA 7.4 Identificáronse os principais elementos de decoración en pastelería e repostería, así como as alternativas ao seu uso.	10,00 %
CA 7.5 Dispuxéronse os elementos da elaboración seguindo criterios estéticos preestablecidos.	10,00 %
CA 7.6 Realizáronse os procesos de decoración de sobremesas seguindo os procesos establecidos para a súa presentación.	10,00 %
CA 7.7 Deducíronse as necesidades de conservación ata o momento do seu consumo.	5,00 %
CA 7.8 Valoráronse os resultados finais e identificáronse as medidas de corrección.	5,00 %
CA 7.9 Manifestouse disposición e iniciativa para a innovación.	5,00 %
CA 7.10 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.	5,00 %

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación	%
RA 1. Organiza as tarefas para as elaboracións de sobremesas de restauración, para o que analiza as fichas técnicas.	10,00 %
CA 1.1 Valorouse a estacionalidade, o tipo de establecemento, a oferta gastronómica e os custos para o escandallo.	10,00 %
CA 1.2 Interpretáronse os documentos relacionados coa produción.	10,00 %
CA 1.3 Determinouse a secuencia das fases da produción.	20,00 %
CA 1.4 Deducíronse as necesidades de materias primas, equipamentos, útiles, ferramentas, etc.	10,00 %
CA 1.5 Analizáronse as necesidades de decoración.	10,00 %
CA 1.6 Recoñeceu a importancia da orde e da limpeza na boa marcha do traballo.	10,00 %
CA 1.7 Executáronse todas as actividades aplicando o sistema de APPCC e participando na mellora da calidade.	10,00 %
CA 1.8 Determináronse os procesos procurando unha utilización racional dos recursos materiais e enerxéticos.	10,00 %
CA 1.9 Valorouse, desde o ámbito organizativo, a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.	10,00 %
RA 2. Elabora sobremesas á base de froitas e recoñece os procedementos aplicados.	10,00 %
CA 2.1 Caracterizáronse os tipos de sobremesas á base de froitas en relación coas súas posibilidades de aplicación.	15,00 %
CA 2.2 Identificáronse as sobremesas tradicionais de Galicia.	10,00 %
CA 2.3 Analizouse a estacionalidade e os estados de comercialización das materias primas (conxeladas, liofilizadas, ultraconxeladas, etc.).	10,00 %
CA 2.4 Realizáronse as tarefas de organización e estableceuse a secuencia das fases do proceso para elaborar sobremesas á base de froitas.	10,00 %
CA 2.5 Verificouse a dispoñibilidade dos elementos necesarios para o desenvolvemento dos procesos e a súa viabilidade.	5,00 %
CA 2.6 Realizáronse os procesos de elaboración de sobremesas á base de froitas seguindo os procedementos establecidos e tendo en conta o tipo de establecemento, así como o tipo de oferta gastronómica.	10,00 %
CA 2.7 Fixéronse as sobremesas tradicionais de Galicia.	5,00 %
CA 2.8 Deducíronse as necesidades de conservación ata o momento da súa utilización ou rexeneración.	5,00 %
CA 2.9 Valoráronse os resultados finais e identificáronse as medidas de corrección.	10,00 %
CA 2.10 Executáronse todas as actividades aplicando o sistema de APPCC e participando na mellora da calidade.	10,00 %
CA 2.11 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.	10,00 %

5.5 Observacións sobre os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles aparecen expresados nominalmente en cada CA e no punto 5.2, ao ser unha programación de tipo 2.

Nas avaliacións ordinarias, cada unidade didáctica terá unha cualificación de 0 e 10.

A ter en conta:

- 1) O alumnado debe demostrar que supera o coñecemento dos contidos mínimos para aprobar o módulo correspondente, alcanzando para iso como mínimo, a cualificación de 5.
- 2) A cualificación en cada avaliación e final será a media ponderada das notas establecidas segundo as actividades de cada unidade.
- 3) De non ter superadas todas as avaliacións, o alumnado deberá recuperar aquelas actividades que estean suspensas no periodo estipulado.
- 4) As probas escritas serán unha combinación de cuestionarios tipo test, de preguntas a desenvolver e cuestións curtas, así como exercicios de cálculo nas unidades que dispoñan destes contidos.
- 5) Os traballos a presentar de xeito oral ou escrito entregaranse mediante a plataforma Aula Virtual do Cifp Fraga do Eume, onde se calificará a súa presentación escrita mediante unha lista de cotexo. Non se permitirá, salvo causa xustificada, a entrega por outra vía.
- 6) Nos traballos e exercicios propostos valorarase a creatividade, a iniciativa, o esforzo e a autosuficiencia na busca de información e no manexo

de bibliografía especializada. Terase en conta a presentación, a capacidade crítica, a capacidade comunicativa e a organización na exposición. Todas estas cuestións veranse reflectidas nunha lista de cotexo ou rúbrica en cada caso, cuxo contido será coñecido con anterioridade á realización da tarefa polo alumnado. É preciso observar que é requisito imprescindible presentar os anteditos traballos na data sinalada a tal fin para ter dereito a superar a avaliación.

7) As destrezas valoraranse nunha proba práctica que versará sobre as elaboracións vistas na aula taller e o seguimento do traballo diario, mediante taboa de observación.

8) O alumnado que non supere a proba de recuperación de calquera das avaliacións en período ordinario, debe examinarse de toda a materia, no seu caso, nas probas extraordinarias ao efecto.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN: Antes da 2ª AVALIACIÓN:

- PROBA DE RECUPERACIÓN: Realízase unha recuperación orientada ós mínimos esixibles, e consistirá nunha proba teórica e outra práctica das Unidades Didácticas non superadas (teórica e/ou práctica). A calificación da proba excepcional de recuperación será de APTO (nota numérica de 5) ou NON APTO (correspondente nota numérica de <5).

Durante o 3º TRIMESTRE: - Realizaránse actividades de recuperación do módulo na 3ª avaliación, e serán especificadas no informe individualizado do alumn@.

Despois da 3ª Avaliación, no mes de XUÑO ; Para o alumnado que NON aprobou o módulo na 2ª Avaliación. - Atendendo ao informe individualizado do alumn@, realizará a recuperación de tódalas UD/RA, ou dalgúnha delas.

Desenvolvemento da proba: - No mes de xuño realízase unha proba final de módulo que consistirá na realización dunha proba teórica e unha proba práctica. Calificarase de 0 a 10. Será preciso acadar un 5 para superar o módulo. A metodoloxía das probas será a mesma que a indicada para as avaliacións.

PROBA TEÓRICA (40%) : Serán as unidades especificadas no informe individualizado do alumn@. No caso de recuperar todo o módulo; dividiránse en 2 partes, coincidindo coas UD impartidas por avaliación. Duración de 2 horas apróx. Cada parte calificarase de 0 a 10.

PROBA PRÁCTICA (60%): constará das unidades especificadas no informe individualizado do alumn@. No caso de ter que realizar todas, dividiránse en 2 partes coincidindo coas UD impartidas por avaliación. Duración de 4 horas apróx. Cada parte calificarase de 0 a 10.

A nota final será a media aritmética das dúas probas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

.No mes de xuño realízase unha proba final de módulo que consistirá na realización dunha proba teórica e unha proba práctica. Calificarase de 0 a 10. Será preciso acadar un 4 para facer a media ponderada e un 5 para aprobar o módulo. A metodoloxía das probas será a mesma que a indicada para as avaliacións.

PROBA TEÓRICA (40%) : Duración de 2 sesións apróx. Constará de tódalas unidades do módulo. Dividiránse en 2 partes coincidindo coas UD impartidas por avaliación. Cada parte calificarase de 0 a 10.

PROBA PRÁCTICA (60%): Duración de 4 sesións apróx. Constará de tódalas Unidades do módulo (parte práctica). Dividiránse en 2 partes coincidindo coas UD impartidas por avaliación. Cada parte calificarase de 0 a 10.

A nota final será a media ponderada das probas, e será preciso acadar un mínimo de 5 para superar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No seguimento da programación teranse en conta as conclusións obtidas na avaliación inicial. Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- . O grao de cumprimento da temporalización
- . O logro dos obxectivos programados
- . Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestións periódicas aos alumnos nas que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial permitirá coñecer todo o relacionado coa motivación do alumn@, a actitude coa que se enfrenta ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir.

Para a súa aplicación empregaranse:

- Cuestionario de motivación inicial. Os indicadores serán: nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo, información sobre o contido do mesmo, grao de experiencia, expectativas sobre o módulo.
- Cuestionario de coñecementos iniciais. Baseado nos contidos do módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo serán individuais, atendendo a cada casuística, que será consensuada co dpto de orientación. En xeral, as medidas consistiran na realización de mapas conceptuais, elaboración de pequenos cuestionarios, exercicios prácticos, traballos de búsqueda de información, atendendo aos recursos dispoñibles. A aula virtual exercerá de plataforma principal para consulta e comunicación de dúbidas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, aulas e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades.

-Educación do consumidor.

Aprender a conservar e valorar na súa xusta medida os bens persoais, como é o caso dos instrumentos empregados no sector da restauración comercial.

Valorar os produtos de consumo co obxetividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.

Apreciar o desenvolvemento sostible mediante a reciclaxe de materiais, o deseño e consumo racional de obxectos...

-Educación non sexista.

Interesarse por coñecer, respectar e valorar a opinión e produción dos compañeiros, independentemente do seu sexo e da súa aparición, colaborar con tódalas persoas, independentemente do seu sexo ou condición e amosar unha actitude crítica ante situacións nas que a produza

calquera tipo de discriminación por razón do sexo.

-Educación moral e cívica.

Manifestar actitudes propias sobre o sector da hostelería, visión crítica e actitude aberta a novas ideas, na resolución de problemas, interpretar o coñecemento da hostelería e turismo técnico como unha ferramenta de traballo ao servizo da sociedade, e apreciar o noso patrimonio artístico e respetar as

instalacións da familia de hostelería e turismo.

-Educación para a paz.

Apreciar a linguaxe da actividade da Hostelería e Turismo como medio de expresión e comunicación entre comunidades diversas.

Amosar unha actitude flexible e aberta ante as opinións dos demais no desenvolvemento do traballo en equipo no momento de resolver un

problema, así como amosar comprensión das diferentes culturas dos clientes que recibirán cada vez mais neste novo escenario da globalización

Tamén será posta en valor a nosa tradición culinaria, especialmente en canto ao coñecemento das materias primas empregadas en repostería así como os produtos típicos doces propios da nosa comunidade autónoma.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para o presente curso académico, tense previsto asistir/realizar as seguintes actividades:

Asistencia a feira intersicop o 17-18 febreiro de 2024

Asistencia a feira etiqueta negra o 11-12 novembro de 2023

Do mesmo xeito, poderíanse realizar as seguintes actividades sen data cerrada, dependendo principalmente da dispoñibilidade das empresas/docentes:

Visitas a establecementos diversos do sector da Pastelería, Panadería e Confeitería, Feiras de Alimentación e de Turismo, Industrias Alimentarias, mercados, centros comerciais, centros tecnolóxicos de Galicia, outras Escolas de Hostelería, Xornadas sobre produtos específicos ou denominacións de orixe, etc...

Estas visitas estarán precedidas de información sobre o tema polo profesor, e unha explicación a poder ser por un representante da empresa in situ e finalmente debate e conclusión da actividade realizada.

-Xornadas sobre os produtos da zona: realizaránse no primeiro e segundo trimestre. A duración das mesmas dependerá do horario do centro e da dispoñibilidade do mesmo. Nunca superarán os cinco días e serán en horario lectivo. A participación do alumnado será obligatoria. As condicións para o seu desenvolvemento dependen das aportacións de entidades e organismos colaboradores.

Actividades coma resultado de eventos especiais que se poidan organizar no centro: Semanas ou xornadas gastronómicas. Presentación de produtos. Presentación de equipos. Conferencias e charlas especializadas. E tamén outras dentro ou fora do centro como resultado da colaboración do CIFP con outras institucións ou organismos en actos de carácter benéfico.

10. Outros apartados

10.1) Divulgación programación e adaptación semipresencialidade

A programación darase a coñecer ao alumnado nunha sesión explicativa na clase, onde se dará resposta ás dúbidas que poidan xurdir sobre a mesma.

Así mesmo, a programación unha vez supervisada será colgada na AULA VIRTUAL do CIFP Fraga do Eume, no grupo do módulo, para que o alumnado poida consultala cando así o desexe.

Contéplase unha semipresencialidade se fose necesario. Se se dese o caso utilizarase a plataforma virtual para impartir os contidos do módulo e a entrega de tarefas por parte do alumnado, manténdose os mesmos criterios de cualificación e mínimos esixibles. No caso dos contidos procedimentais que non poidan ser avaliados mediante táboas de indicadores de observación serán avaliados mediante listas de cotexo co mesmo peso no total da cualificación

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CMINA01	Panadería, repostería e confeitaría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0029	Produtos de obradoiro	2023/2024	8	175	175

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA MERCEDES FERNÁNDEZ MÉNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O mercado do pan tradicional véñse reducindo de xeito progresivo nas últimas décadas, a pesares de que aumentan con forza os pans de maior valor engadido, como os artesanais. De aí que a formación profesional dos panadeiros e panadeiras debe incidir no desenvolvemento das competencias que permitan manter a fidelidade da poboación consumidora ao produto e atraer, co desenvolvemento de especialidades funcionais e innovadoras, o sector da poboación que ve no consumo do pan unha ameaza, polos problemas de sobrepeso e da obesidade.

En Galicia existe unha alta porcentaxe de obradoiros e empresas pequenas de carácter familiar, o que incrementa a necesidade da intervención de profesionais no sector.

Ademais, este sector produtivo está a experimentar unha evolución ascendente na automatización dos procesos de fabricación; esta innovación tecnolóxica e produtiva debe verse como un dos principais factores estratéxicos de competitividade. Os técnicos de panadería, repostaría e confeitaría serán unha peza clave nesta evolución, xa que poderán asumir funcións de calidade, mantemento de primeiro nivel, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

Unha fonte de emprego crecente para esta ocupación é a hostalaría, cunha demanda notable en hoteis de calidade e restaurantes tradicionais, e tendo en conta que Galicia ven de converterse nun importante destino turístico é evidente a necesidade da formación de profesionais de calidade que ocupen os postos que demanda o mercado.

A presente programación corresponde ó módulo Produtos de obradoiro pertencente ó Ciclo Formativo de Grao Medio de Técnico en Panadería, Repostaría e Confeitaría da Familia Profesional de Industrias Alimentarias. Ten como referente o Decreto 224/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo, así como as disposicións legais vixentes en materia educativa.

O currículo do ciclo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Estas persoas exercen a súa actividade nomeadamente en obradoiros artesanais ou semiindustriais que elaboren produtos de panadería, pastelería e confeitaría, así como no sector de hostalaría, no subsector de restauración, e como elaboradoras por conta propia ou por conta allea. Tamén exercen a súa actividade no sector do comercio da alimentación en establecementos que elaboran e venden produtos de panadería, pastelería e repostaría.

A programación didáctica deste módulo daráselle a coñecer ao alumnado que se matricule nel polo procedemento descrito no apartado 10.1; terase presente que o período de matrícula estenderase ata o mes de outubro polo que esta información poderase ofrecer en varios tramos: un primeiro ao gran grupo na primeira semana do curso e outro a medida que a listaxe de alumnado sufra altas e baixas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Organización das tarefas de produción de obradoiro	O alumnado, nesta UD, aprenderá a planificar as tarefas, interpretando a documentación asociada ao proceso, optimizando recursos e secuenciando e coordinando os tempos das operacións	30	17
2	Envasado e embalaxe para os produtos de obradoiro	O alumnado coñecerá os diferentes tipos de envases aplicados ós produtos de panadería y pastelería, identificando os diferentes sistemas e métodos de envasado e os produtos mais aptos para cada un deles. <i>Diferenciar os equipos de envasado mais aptos para pequenos obradoiros o industria.</i>	30	17
3	Localización dos produtos de obradoiro	Nesta UD describiranse os métodos de conservación dos produtos elaborados, así como os procedementos para o seu traslado para garantir a calidade do produto final	25	15
4	Elaboración de produtos de obradoiro	Na UD4 o alumnado elaborará diferentes produtos no obrador, aplicando diferentes técnicas e materias primas xa estudadas. Envasarán e empacquetarán os produtos, do xeito mais adecuado ó produto, según o visto na UD2	30	17
5	Elaboración de produtos para colectividade especiais	Nesta UD, o alumnado estudará as diferentes alerxias e intolerancias alimentarias e elaborarán produtos axeitados para as persoas afectadas	30	17
6	Decoración de produtos de obradoiro	O alumnado aprenderá e poñerá en práctica no obrador, as diferentes técnicas de decoración de produtos	30	17

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Organización das tarefas de produción de obradoiro	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as tarefas de produción, e xustifica os recursos e a secuencia de operacións.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Planifícanse as tarefas con previsión das dificultades e o xeito de as superar.
CA1.2 Interpretouse a documentación asociada ao proceso.
CA1.3 Determináronse e enumeráronse os recursos humanos e materiais.
CA1.4 Distribuíronse os tempos de operación e posta a punto, e estableceuse a súa secuencia.
CA1.5 Preparáronse e reguláronse os servizos auxiliares, os equipamentos e os útiles.
CA1.6 Coordináronse as actividades de traballo.
CA1.7 Formuláronse elaboracións a partir de produtos básicos dados.

4.1.e) Contidos

Contidos
Documentación técnica asociada aos procesos produtivos: descrición, interpretación e manexo.
Cálculo e distribución dos recursos humanos e materiais en función do proceso produtivo para realizar.
Asignación de tempos ás operacións do proceso produtivo.
Selección dos servizos auxiliares, os equipamentos e o útiles en función do proceso produtivo.
Identificación e secuenciación das operacións do proceso.
Cálculo dos ingredientes e deseño da ficha de elaboración.
Selección e regulación dos equipamentos e dos útiles de xeito eficaz, sen custos nin gastos innecesarios.
Selección e aplicación dos procedementos operativos e das técnicas para empregar en función do produto que se queira obter.
Identificación e realización dos controis básicos durante o proceso de elaboración.
Aplicación de normas de calidade, seguridade laboral e protección ambiental.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Envasado e embalaxe para os produtos de obradoiro	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Envasa e embala produtos, logo de seleccionar os procedementos e as técnicas.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbense os envases, as embalaxes, as etiquetas e os rótulos máis utilizados.
CA5.2 Identifícanse e caracterízanse os métodos de envasado, embalaxe e etiquetaxe.
CA5.3 Recoñécense e analízanse as incompatibilidades existentes entre os materiais de envasado e os produtos.
CA5.4 Identifícanse e caracterízanse os equipamentos de envasado e os elementos auxiliares.
CA5.5 Identifícase a información obrigatoria e complementaria para incluír en etiquetas e rótulos.
CA5.6 Envasouse e embalouse o produto consonte as súas características e os requisitos da clientela.
CA5.7 Recoñeceuse e valorouse a aptitude dos envases, as embalaxes e as etiquetas para utilizar.
CA5.8 Aplicáronse as medidas correctoras ante desviacións.
CA5.9 Aplicáronse as medidas de hixiene e seguridade durante o envasado e a embalaxe.

4.2.e) Contidos

Contidos
Incompatibilidades entre os materiais de envasado e os produtos: fundamentos básicos e factores para considerar.
Caracterización das embalaxes.
Métodos de envasado e embalaxe dos produtos de obradoiro.
Descrición das principais anomalías do envasado dos produtos e das medidas correctoras.
Etiquetas e rótulos dos produtos de panadaría, bolaría, pastelería, repostería e confeitaría.
Selección do envase e a embalaxe dun produto elaborado.
Descrición da información para incluír na etiqueta e nos rótulos do produto elaborado.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Localización dos produtos de obradoiro	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Sitúa os produtos elaborados no posto de venda, no almacén ou no depósito, e xustifica a súa disposición.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Descríbense os métodos e os equipamentos de conservación.
CA6.2 Identifícanse e caracterízanse as condicións e os medios para o traslado.
CA6.3 Selecciónanse e descríbense as condicións de conservación dos produtos (temperatura, humidade, tempo máximo, colocación e luminosidade).
CA6.4 Trasládase de xeito adecuado o produto ao almacén, ao depósito ou ao punto de venda.
CA6.5 Compróbase a adecuación das condicións de limpeza e de conservación.
CA6.6 Identifícase e colócase correctamente o produto.
CA6.7 Aplícanse as medidas correctoras ante desviacións.

4.3.e) Contidos

Contidos
Descrición dos métodos de conservación dos produtos elaborados.
Almacén de produtos acabados. Punto de venda.
Procedementos para o traslado dos produtos elaborados.
Equipamentos de traslado dos produtos.
Valoración da repercusión dunha incorrecta conservación na calidade do produto elaborado.
Análise das anomalías e das medidas correctoras no traslado e na conservación dos produtos elaborados.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elaboración de produtos de obradoiro	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora produtos de panadería, bolaría, pastelería, confeitaría e outras especialidades de obradoiro, integrando procedementos e técnicas.	SI
RA3 - Elabora produtos de panadería, bolaría, pastelería, confeitaría e repostaría para colectivos especiais, e valora as implicacións para a saúde.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Caracterizouse o produto para obter e propuxéronse alternativas de elaboración.
CA2.2 Identificáronse as operacións do proceso de elaboración e estableceuse a súa secuencia.
CA2.3 Describiuse a función de cada ingrediente no produto final.
CA2.4 Calculouse a cantidade necesaria dos ingredientes a partir da ficha de elaboración.
CA2.5 Seleccionáronse e reguláronse os equipamentos e os útiles, e evitáronse custos e gastos innecesarios.
CA2.6 Aplicáronse os procedementos e as técnicas coa secuencia establecida.
CA2.7 Realizáronse os controis básicos durante o proceso de elaboración, e aplicáronse as medidas correctoras.
CA2.8 Contrastáronse as características de calidade do produto coas súas especificacións.
CA2.9 Realizouse o escandallo do produto elaborado.
CA2.10 Aplicáronse as normas de seguridade e hixiene alimentaria, así como as de prevención de riscos e as de protección ambiental.
CA3.1 Identificáronse as características específicas do colectivo de destino do produto deseñado.
CA3.2 Analizáronse as implicacións para a saúde do colectivo, en caso de composición incorrecta.
CA3.3 Describiuse o produto para elaborar.
CA3.4 Seleccionáronse e caracterizáronse os ingredientes acaídos para o tipo de produto, tendo en conta as principais afeccións alérxicas e de intolerancia, e as posibilidades de substitución.
CA3.5 Enumeráronse as medidas de limpeza e preparación de equipamentos e útiles.
CA3.6 Descríbense as medidas de prevención para evitar o emprego inadecuado de ingredientes.
CA3.7 Descríbense e aplicáronse as operacións do proceso e os controis básicos.
CA3.8 Contrastáronse as características de calidade do produto coas súas especificacións.
CA3.9 Identificouse adecuadamente o produto elaborado.

Criterios de avaliación

CA3.10 Adoptáronse medidas de hixiene e seguridade alimentaria durante o proceso.

4.4.e) Contidos

Contidos

Identificación e secuenciación das operacións do proceso.

Cálculo dos ingredientes e deseño da ficha de elaboración.

Selección e regulación dos equipamentos e dos útiles de xeito eficaz, sen custos nin gastos innecesarios.

Selección e aplicación dos procedementos operativos e das técnicas para empregar en función do produto que se queira obter.

Identificación e realización dos controis básicos durante o proceso de elaboración.

Aplicación de normas de calidade, seguridade laboral e protección ambiental.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Elaboración de produtos para colectividade especiais	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora produtos de panadería, bolaría, pastelería, confeitaría e repostaría para colectivos especiais, e valora as implicacións para a saúde.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse as características específicas do colectivo de destino do produto deseñado.
CA3.2 Analizáronse as implicacións para a saúde do colectivo, en caso de composición incorrecta.
CA3.3 Describiuse o produto para elaborar.
CA3.4 Seleccionáronse e caracterizáronse os ingredientes acaídos para o tipo de produto, tendo en conta as principais afeccións alérxicas e de intolerancia, e as posibilidades de substitución.
CA3.5 Enumeráronse as medidas de limpeza e preparación de equipamentos e útiles.
CA3.6 Descríronse as medidas de prevención para evitar o emprego inadecuado de ingredientes.
CA3.7 Descríronse e aplicáronse as operacións do proceso e os controis básicos.
CA3.8 Contrastáronse as características de calidade do produto coas súas especificacións.
CA3.9 Identificouse adecuadamente o produto elaborado.
CA3.10 Adoptáronse medidas de hixiene e seguridade alimentaria durante o proceso.

4.5.e) Contidos

Contidos
Intolerancias alimentarias.
Adaptacións en fórmulas de produtos para persoas de colectividade especiais: celíacas, diabéticas, intolerantes á lactosa, fenilcetonúricas, etc.
Adecuación de espazos e materiais para colectividade especiais.
Procedementos de limpeza e preparación de equipamentos e útiles: riscos, precaucións e protocolos.
Identificación da secuencia de operacións do proceso e dos controis básicos para realizar en función do produto.
Responsabilidade na realización das tarefas profesionais pola súa repercusión na saúde de persoas de risco.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Decoración de produtos de obradoiro	30

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Decora os produtos de obradoiro aplicando as técnicas axeitadas en relación cos produtos para obter.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbense os procedementos e as técnicas.
CA4.2 Enumeráronse e describíronse os equipamentos e os útiles empregados nas operacións de acabado e decoración.
CA4.3 Selecionouse o deseño básico para a decoración e incorporáronse variacións persoais.
CA4.4 Identificouse e seleccionouse a técnica apropiada.
CA4.5 Seleccionáronse e reguláronse os equipamentos e os útiles.
CA4.6 Acondicionáronse e aplicáronse cremas, coberturas e outros elementos de decoración, con medidas específicas de hixiene.
CA4.7 Contrastáronse as características físicas, estéticas e organolépticas do produto coas súas especificacións.
CA4.8 Aplicáronse as medidas correctoras ante desviacións.

4.6.e) Contidos

Contidos
Operacións e técnicas de acabado e decoración.
Selección e aplicación de elementos de acabado e decoración en función do produto, os equipamentos e os útiles.
Análise da repercusión dos defectos no acabado e na decoración.
Innovación ante novos hábitos de consumo e novos tipos de presentación.
Valoración da repercusión das características físicas, estéticas e organolépticas do produto nas persoas potencialmente consumidoras.
Adopción de boas prácticas de manipulación durante o acabado e a decoración dos produtos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva do módulo serán os que se indican en cada UD como Criterio de Avaliación mínimo exigible, que son os seguintes:

- CA1.2: Interpretouse a documentación asociada ao proceso.
- CA1.4: Distribuíronse os tempos de operación e posta a punto, e estableceuse a súa secuencia.
- CA1.5: Preparáronse e reguláronse os servizos auxiliares, os equipamentos e os útiles.
- CA1.7: Formuláronse elaboracións a partir de produtos básicos dados.
- CA2.1: Caracterizouse o produto para obter e propuxéronse alternativas de elaboración.
- CA2.2: Identificáronse as operacións do proceso de elaboración e estableceuse a súa secuencia.
- CA2.4: Calculouse a cantidade necesaria dos ingredientes a partir da ficha de elaboración.
- CA2.6: Aplicáronse os procedementos e as técnicas coa secuencia establecida.
- CA2.7: Realizáronse os controis básicos durante o proceso de elaboración, e aplicáronse as medidas correctoras.
- CA2.9: Realizouse o escandallo do produto elaborado.
- CA2.10: Aplicáronse as normas de seguridade e hixiene alimentaria, así como as de prevención de riscos e as de protección ambiental.
- CA3.1: Identificáronse as características específicas do colectivo de destino do produto deseñado.
- CA3.2: Analizáronse as implicacións para a saúde do colectivo, en caso de composición incorrecta.
- CA3.4: Seleccionáronse e caracterizáronse os ingredientes acaídos para o tipo de produto, tendo en conta as principais afeccións alérxicas e de intolerancia, e as posibilidades de substitución.
- CA3.5: Enumeráronse as medidas de limpeza e preparación de equipamentos e útiles.
- CA3.7: Descríbironse e aplicáronse as operacións do proceso e os controis básicos.
- CA4.1: Descríbironse os procedementos e as técnicas.
- CA4.2: Enumeráronse e describíronse os equipamentos e os útiles empregados nas operacións de acabamento e decoración.
- CA4.6: Acondicionáronse e aplicáronse cremas, coberturas e outros elementos de decoración, con medidas específicas de hixiene.
- CA5.1: Descríbironse os envases, as embalaxes, as etiquetas e os rótulos máis utilizados.
- CA5.2: Identificáronse e caracterizáronse os métodos de envasado, embalaxe e etiquetaxe.
- CA5.3: Recoñecéronse e analizáronse as incompatibilidades existentes entre os materiais de envasado e os produtos.
- CA5.5: Identificouse a información obrigatoria e complementaria para incluír en etiquetas e rótulos.
- CA5.7: Recoñeceuse e valorouse a aptitude dos envases, as embalaxes e as etiquetas para utilizar
- CA6.1: Descríbironse os métodos e os equipamentos de conservación.
- CA6.2: Identificáronse e caracterizáronse as condicións e os medios para o traslado.
- CA6.3: Seleccionáronse e describíronse as condicións de conservación dos produtos (temperatura, humidade, tempo máximo, colocación e luminosidade)
- CA6.5 Comprobouse a adecuación das condicións de limpeza e de conservación.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN serán os seguintes:

-Probas escritas (unha o dúas por trimestre), que poderán incluír, tests, preguntas de desenvolvemento, supostos prácticos, resolución de exercicios. Suporán o 70% da nota final

- Traballos monográficos (identificados como "outros"), que suporán o 15% da nota final, tendo en conta a porcentaxe indicada en cada unha das UD's para este tipo de Instrumento de avaliación.

- Táboas de Observación, que se aplicarán sobre determinados procedementos realizados polo alumno e que suporán a porcentaxe indicada en cada unha das UD's para este tipo de Instrumento de avaliación, e o 15% da nota final

PROCEDEMENTOS XERAIS

Nas probas escritas ao lado do enunciado da pregunta farase constar ao valor numérico da mesma.

As probas escritas deberán ser corrixis no prazo máximo de 2 semanas.

As probas cualificaranse sempre sobre valores numéricos totais de 10

O redondeo da nota quedaría como segue: se a cifra decimal é igual ou superior a 5 redondéase á nota inmediatamente superior. (exemplo: si a nota é 5.6, a nota redondeada será 6)

Nas probas tipo test de resposta única, atendendo áo principio de variable aleatoria, poderase aplicar a regra de compensación de xeito que si hai 4 posibles respostas, cada erro debe restar 0,33.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Actividades de recuperación que poidan ser realizables de forma autónoma polo alumnado.

O plan de recuperación non implica a realización dunha proba, senón que se trata de levar a cabo as actividades e procedementos previstos nas unidades didácticas desta programación, como medio para acadar os resultados de aprendizaxe do módulo.

O alumno será avaliado igualmente polo sistema de avaliación continua segundo as actividades e exercicios propostos.

Reforzos para lograr a recuperación.

As actividades de recuperación, como soporte para alcanzar os resultados de aprendizaxe / obxectivos do módulo; consistirán en:

Elaborar distintos produtos de cada unha das unidades didácticas da programación, seleccionando as materias primas, utillaxe e maquinaria

Aplicar as normas hixiénico sanitarias e técnicas axeitadas.

Presentar ditas elaboracións aplicando técnicas de decoración

Contidos conceptuais, procedimentais e actividades de avaliación de cada unha das unidades de traballo da programación

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

PROBA PRÁCTICA.- na que o alumno demostre ter acadado as capacidades terminais mínimas esixidas de acordo cos contidos mínimos. Esta proba poderá durar ata, como máximo, 5 sesións

Exemplo:

A partir da proposta do profesor de varios ingredientes de uso habitual, deberá realizar unha ou varias elaboracións de pastelería, incluíndo a decoración do mesmo.

Elaborar o mesmo produto adaptado a un colectivo especial

Saber utilizar correctamente as técnicas explicadas y desenroladas polo profesor no taller de pastelería para la obtención dun resultado satisfactorio.

PROBA TEÓRICA.- na que o alumno demostre ter acadado as capacidades terminais mínimas esixidas de acordo cos contidos mínimos.

Exemplo:

Establecer a secuencia do proceso de elaboración do produto

Caracterizar o embalaxe adecuado para o produto elaborado

Describir o método de conservación apropiado

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

O grao de cumprimento da temporalización

O logro dos obxectivos programados

Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó ser uns contidos que se repiten durante o curso, debe terse en conta o momento no que se realiza a elaboración, os contidos conceptuais e actitudinais de partida, as habilidades e destrezas que posúen, así coma a dificultade da elaboración.

Realización de tests ou preguntas de contestación curta para constata-los coñecementos previos dos alumnos, e poder avaliar posteriormente a súa progresión

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos que presenten carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza-aprendizaxe facilitaranse conceptos de apoio e soporte. Asemade reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.

Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables.

Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas. A diversidade do alumnado que conleva o sistema educativo obriga a realizar adaptacións máis ou menos significativas en cada un deles, de cara a conseguir o mellor desenvolvemento posible das capacidades, expresadas nos obxectivos xerais..Así pois, surge a necesidade de reali-zar adaptacións do currículo.

A atención o alumnado con NEE rexirásese polos principios de normalización e integración escolar, e dicir, co resto dos alumnos, no mesmo centro e se expresará no:

D.C.B. - A Administración educativa concreta o currículo para toda a poboación escolar.

P.C.C. - O centro acomoda o currículo dacordo coas características dos seus alumnos, do seu contexto socio-cultural e do propio centro.

Programacións de aula - Os Equipos Docentes ou Departamentos adecuan o currículo dacordo as características dos alumnos do ciclo e /ou aula.

A.C.I. - Os titores, profesores e profesores de apoio, asesorados por especialistas, acomodan o currículo tendo en conta as características individuais.

Ante a posible existencia de alumnos cun grao insuficiente de desenvolvemento das competencias curriculares básicas e sobre todo nos ámbitos da comprensión, da expresión e da reflexión -, coa conseguinte dificultade na asimilación de contidos, é necesario prever nas unidades didácticas actuacións concretas para cando se detecten ditas situacións.

Teráse que reforza-los aprendizaxes deses alumnos con actividades específicas planificadas dacordo coas súas necesidades.

As posibles adaptacións no só deberán responder a criterios de eficiencia na consecución das capacidades terminais, senon que tamén serán elementos de valor: Ritmos de aprendizaxe, as motivacións do alumnado, seus intereses e expectativas, seu grao de integración, etc.,

Todo de cara a realiza-las oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración do alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das capacidades.

Desta maneira, favoreceráse a autoestima do alumnado e valoraráse o esforzo que realizan, para mellorar seu rendemento, nun intento de potencia-la avaliación formativa, axustando a axuda pedagóxica as súas necesidades reais de aprendizaxe.

Para levar a cabo calquer tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración do titor e do orientador) deberánse revisar algúns elementos básicos da programación:

As capacidades terminais e os contidos

Desenvolvemento dos máis importantes en cada caso.

Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e /ou complementarios.

Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos.

Variacións na secuencia de contidos (temporalización).

A metodoloxía

Técnicas de traballo cooperativo.

Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.

Actividades de reforzo, poden ser alternativas.

Reforzo positivo, valora-las capacidades do alumno /a, mellorar sua autoestima.

Medidas extraordinarias: A.C.I.

A avaliación

Modificacións tanto en criterios, en instrumentos como en procedementos avaliativos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

